# ADAPTACIÓN
# PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

CURSO 2019/2020
CEIP REBORDÁNS. TUI
2º DE EDUCACIÓN PRIMARIA
TITORA: ELISA GONZÁLEZ FERNÁNDEZ
DATA: 4 de maio de 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

# Curso 2019-2020

Ceip Rebordáns

# ÁREA DE MATEMÁTICAS

# ÍNDICE

**1.-Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**

**2.-Avaliación e cualificación.**

**3.-Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**

**4.-Información e publicidade.**

## 1.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E CC.CC

| BLOQUE 1. PROCESOS, MÉTODOS E ACTITUDES EN MATEMÁTICAS | | |
|---|---|---|
| **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE** | **COMPETENCIAS CLAVE** |
| ▪ B1.1. Resolver problemas sinxelos relacionados con obxectos, feitos e situacións da vida cotiá e explicar oralmente o proceso seguido para a súaresolución. | ▪ MTB1.1.1. Explica oralmente oproceso seguido para resolver unproblema. | ▪ CMCT<br>▪ CCL |
| ▪ B1.2. Desenvolver e cultivar as actitudes persoais polo traballo matemático benfeito. | ▪ MTB1.2.1. Desenvolve e amosaactitudesaxeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno eencalquera aspecto que se vaia traballar na área de Matemáticas. | ▪ CMCT<br>▪ CAA |

| BLOQUE 2. NÚMEROS | | |
|---|---|---|
| **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE** | **COMPETENCIAS CLAVE** |
| ▪ B2.1. Ler, escribir e ordenar números enteiros utilizando razoamentos apropiados. | ▪ MTB2.1.1.Le,escribe e ordena números ata o999. | ▪ CMCT<br>▪ CCL |
| | ▪ MTB2.1.2. Identifica o valor de posicióndascifrasensituacións e contextosreais. | ▪ CMCT<br>▪ CAA |
| | ▪ MTB2.1.3. Realiza correctamenteseriestantoascendentesco modescendentes. | ▪ CMCT<br>▪ CAA |
| ▪ B2.2. Interpretar diferentes tipos de números segundo o seu valor,ensituacións da vidacotiá. | ▪ MTB2.2.1. Utilizaosnúmeros ordinaisencontextosreais. | ▪ CMCT |
| | ▪ MTB2.2.2. Interpretaentextos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o999. | ▪ CMCT<br>▪ CAA<br>▪ CCL |
| | ▪ MTB2.2.3. Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unhadassúascifras. | ▪ CMCT |
| | ▪ MTB2.2.4. Identificaosnúmerosparese os impares. | ▪ CMCT |

| | | |
|---|---|---|
| ▪ 2.3. Realizar operacións e cálculos numéricos mediante diferentes procedementos, incluído o cálculo mental,ensituación de resolución de problemas. | ▪ MTB2.3.1. Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemascontextualizados. | ▪ CMCT<br>▪ CAA |
| | ▪ MTB2.3.2. Realiza cálculos numéricos básicos coa operación da multiplicación na resolución de problemascontextualizados. | ▪ CMCT<br>▪ CAA |
| | ▪ MTB2.3.3. Resolve operacións con cálculo mental. | ▪ CMCT<br>▪ CAA |
| ▪ B2.4. Identificar e resolver problemas da vida cotiá, adecuados ao seu nivel, establecer conexións entre a realidade e as matemáticas e valorar a utilidade dos coñecementos matemáticos adecuados reflexionando sobre o proceso aplicado para a resolución de problemas. | ▪ MTB2.4.1. Resolve problemasqueimpliquen o dominiodoscontidos traballados. | ▪ CMCT<br>▪ CAA |
| | ▪ MTB2.4.2. Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisandoasoperacións empregadas, as unidadesdosresultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto. | ▪ CMCT<br>▪ CSIEE<br>▪ CAA |

| BLOQUE 3. MEDIDA | | |
|---|---|---|
| **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE** | **COMPETENCIAS CLAVE** |
| ▪ B3.1.Coñecere utilizar o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida delonxitude. | ▪ MTB3.1.1. Coñece e utiliza o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida delonxitude. | ▪ CMCT |
| ▪ B3.2.Coñecere utilizar o quilo, o medio quilo e o cuarto quilo como unidades de medida de peso. | ▪ MTB3.2.1. Coñece e utiliza oquilo,o medio quilo e o cuarto quilo como unidades de medida depeso. | ▪ CMCT |
| ▪ B3.3.Coñecere utilizar o litro, medio litro e cuarto litro como unidades de medida de capacidade. | ▪ MTB3.3.1.Coñece e utiliza o litro, medio litro e cuarto litro como unidades de medida de capacidade | ▪ CMCT |
| ▪ B3.4. Coñece as unidades básicas de medida do tempo e as súas relacións, utilizándoas para resolver problemasdavida diaria. | ▪ MTB3.4.1. Le a horaenreloxos analóxicos e dixitais. (Enpunto,medias ecuartos) | ▪ CMCT |
| | ▪ MTB3.4.2 Resolve problemas sinxelos da vida diaria utilizando as medidas temporais axeitadas e as súasrelación. | ▪ CMCT<br>▪ CAA |
| ▪ B3.5. Coñece o valor easequivalencias entre asdiferentes moedas e billetes do sistema monetario da UniónEuropea. | ▪ MTB3.5.1. Coñece a función e o valordasdiferentes moedas e billetes do sistema monetario da UniónEuropeautilizándoas tanto para resolver problemasensituación reais como figuradas. | ▪ CMCT<br>▪ CAA<br>▪ CSC |
| ▪ B3.6. Identificar eresolver problemas da vidacotiá | ▪ MTB3.6.1. Resolve problemas sinxelos de medida. | ▪ CMCT<br>▪ CAA |

| BLOQUE 4. XEOMETRÍA | | |
|---|---|---|
| **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE** | **COMPETENCIAS CLAVE** |
| ▪ B4.1. Identificar e completar figurassimétricas. | ▪ MTB4.1.1. Completa figuras partindo do seu eixe desimetría. | ▪ CMCT |
| ▪ B4.2.Nomear unpolígono segundo o seu número delados. | ▪ MTB4.2.1. Coñece os diferentes tipos de polígonosenobxectos do entornoinmediato. | ▪ CMCT<br>▪ CA |

| BLOQUE 5. ESTATÍSTICA E PROBABILIDADE | | |
|---|---|---|
| **CRITERIOS DE AVALIACIÓN** | **ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE** | **COMPETENCIAS CLAVE** |
| ▪ B5.1. Recoller e rexistrar unha información cuantificable, utilizando algúns recursos de representación gráfica: táboas de datos,bloquesde barras, diagramas lineais, gráficos de pictogramas… comunicando a información. | ▪ MTB5.1.1.Rexistra e interpreta datosenrepresentaciónsgráficas. | ▪ CMCT<br>▪ CAA |
| | ▪ MTB5.1.2. Resolve problemas contextuaisnosque interveñen a lectura degráficos. | ▪ CMCT<br>▪ CAA |

## 2.- AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN (procedementos / instrumentos)

**Neste cadro aparecen os instrumentos e procedementos que tivemos no 1º e 2º trimestre, as probas específicas e obxectivas non se farán neste terceiro trimestre, téndose en conta a dos dous trimestres anteriores, por ende, aparecen no cadro, ao igual que a temporalización. Os estándares non traballados nos dous primeiros trimestres non se terán en conta para a cualificación final.**

| **Criterio de avaliación** | **Estándares** | **Grao mínimo para superar a área**<br>Indicador mínimo de logro | **T 1** | **T 2** | **T 3** | **CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN**<br>**Instrumentos de avaliación / Procedementos de avaliación (%)*** | **C.C.** |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| **Bloque 1: Procesos, métodos e actitudes en matemáticas** | | | | | | | |
| MT-B1.1 | 2º-MTB1.1.1 - Explica oralmente o proceso seguido para resolver un problema. | Fala de todos os procesos de recollida de información que utilizou, para chegar á solución do problema, e xustifica a resolución do problema. | | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Producións orais. | CMCT<br>CCL |
| MT-B1.2 | 2º-MTB1.2.1 - Desenvolve e amosa actitudes axeitadas para o traballo limpo, claro e ordenado no caderno e en calquera aspecto que se vaia traballar na área de Matemáticas. | Presenta os seus traballos con limpeza, curiosidade e estética axeitada. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CMCT<br>CAA |
| **Bloque 2: Números** | | | | | | | |
| MT-B2.1 | 2º-MTB2.1.1 - Le, escribe e ordena números ata o 999. | Coñece os números de forma mental e escrita. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. Proba obxectiva. | CMCT<br>CCL |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| MT-B2.1 | 2º-MTB2.1.2 - Identifica o valor de posición das cifras en situacións e contextos reais. | Sabe o valor posicional das cifras en contextos da vida cotiá, coma situacións de compras, letreiros de edificios, indicadores da rúa, notas dos controis de clase, ou cuantificación de obxectos. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. Proba obxectiva. | CMCT<br>CAA |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| MT-B2.1 | 2º-MTB2.1.3 - Realiza correctamente series tanto ascendentes como descendentes | Identifica cando unha serie é ascendente ou descendente, e averigua a operación mental quenecesitaparaseguir aserie. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. Proba obxectiva. | CMCT<br>CAA |
| MT-B2.2 | 2º-MTB2.2.1 - Utiliza os números ordinais en contextos reais. | Sabe a orde que ocupan os compañeiros da clase na súa posición nos pupitres, a orde das aulas do colexio ou a orde de obxectos ou debuxos presentados e formato impreso, dixital ou presenza na clase. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. | CMCT |
| MT-B2.2 | 2º-MTB2.2.2 - Interpreta en textos numéricos e da vida cotiá números naturais ata o 999. | Identifica os números en enunciados de problemas ou exercicios escritos, en material manipulativo, coma os cartos, os números de teléfono, datos personais das persoas ou nos letreiros ou indicadores que aparecen na súa contorna. | | | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. Textos escritos. Proba obxectiva. | CMCT<br>CAA<br>CCL |
| MT-B2.2 | 2º-MTB2.2.3 - Descompón e compón números naturais, interpretando o valor de posición de cada unha das súas cifras. | Fai descomposicións dos números naturais en ábacos manipulativos, ou impresos nunha ficha ou libro, amais de descompoñer en unidades cada cifra dun número natural, atendendo á súa posición. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. Proba obxectiva. | CMCT |
| MT-B2.2 | 2º-MTB2.2.4 - Identifica os números pares e os impares. | Coñece os números pares ou impares presentados en exercicios. | | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. Proba obxectiva. | CMCT |
| MT-B2.3 | 2º-MTB2.3.1 - . Realiza cálculos numéricos coas operacións de suma e resta na resolución de problemas contextualizados. | Sabe que operacións debe utilizar nun problema dado, e resolve con éxito devanditas operacións, utilizando a metodoloxía adecuada para cada tipo de operación. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva. | CMCT<br>CAA |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| MT-B2.3 | 2º-MTB2.3.2 - Realiza cálculos numéricos básicos coa operación da multiplicación na resolución de problemas contextualizados. | Sabe cando ten que utilizar unha multiplicación nun problema dado, e resolve operacións de multiplicacións , coñecendo a táboa e utilizando a metodoloxía necesaria para resolver este tipo de operacións. | | | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva. | CMCT<br>CAA |
| MT-B2.3 | 2º-MTB2.3.3 - Resolve operacións con cálculo mental. | Coñece estratexias básica para facer o cálculo mental. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. INSTRUMENTOS: Producións orais. Resolución de exercicios e problemas. | CMCT<br>CAA |
| MT-B2.4 | 2º-MTB2.4.1 - Resolve problemas que impliquen o dominio dos contidos traballados. | Identifica todos os procesos de manexo de información dos datos dos problemas, e da súa relación cos contidos dados. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas. INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva. | CMCT<br>CAA |
| MT-B2.4 | 2º-MTB2.4.2 - Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto. | Xustifica todos os pasos dados para chegar á resolución dun problema, e resolve con éxito as operacións aplicadas. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as.<br><br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. | CMCT<br>CSIEE<br>CAA |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | | | | | |
| **Bloque 3: Medida** | | | | | | | |
| MT-B3.1 | 2º-MTB3.1.1 - Coñece e utiliza o quilómetro, o metro e o centímetro como unidades de medida de lonxitude. | Sabe manexar as medidas de lonxitude estudadas,utilizando os coñecementos que ten sobre o metro ou o centímetro, e identifica as relacións que existen entre o quilómetro , o metro e o centímetro. | | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. Proba obxectiva. | CMCT |
| MT-B3.2 | 2º-MTB3.2.1 - Coñece e utiliza o quilo, o medio quilo e o cuarto quilo como unidades de medida de peso. | Identifica as cantidades correspondentes ás unidades de peso e capacidade, relacionando as equivalencias entre as mesmas en exercicios impresos, ou manipulativos. Amais de cuantificar estas unidades cando se atopan mesturadas. | | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. Proba obxectiva. | CMCT |

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| MT-B3.3 | 2º-MTB3.3.1 - Coñece e utiliza o litro, medio litro e cuarto litro como unidades de medida de capacidade | Identifica as cantidades correspondentes ás unidades de litro, medio litro e cuarto de litro, relacionando as equivalencias entre as mesmas en exercicos impresos ou manipulativos. Amais de cuantificar estas unidades cando se atopan mesturadas. | | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. Proba obxectiva. | CMCT |
| MT-B3.4 | 2º-MTB3.4.1 - Le a hora en reloxos analóxicos e dixitais. (En punto, medias e cuartos) | Identica en distintos tipos de reloxo horas en punto e medias . | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Diario de clase. Proba obxectiva. | CMCT |
| MT-B3.4 | 2º-MTB3.4.2 - Resolve problemas sinxelos da vida diaria utilizando as medidas temporais axeitadas e as súas relacións. | Usa as medidas temporais en problemas sinxelos. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva. | CMCT<br>CAA |
| MT-B3.5 | 2º-MTB3.5.1 - Coñece a función e o valor das diferentes moedas e billetes do sistema monetario da Unión Europea utilizándoas tanto para resolver problemas en situación reais como figuradas. | Identifica moedas e billetes facendo correspondencias. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva. | CMCT<br>CAA<br>CSC |
| MT-B3.6 | 2º-MTB3.6.1 - Resolve problemas sinxelos de medida. | Utiliza instrumentos de medidas para resolver problemas sinxelos. | | X | X | PROCEDEMENTOS: Análise das producións dos alumnos/as. Probas específicas.<br><br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. Proba obxectiva. | CMCT<br>CAA |
| MT-B3.6 | 2º-MTB3.6.2 - Reflexiona sobre o proceso seguido na resolución de problemas revisando as operacións utilizadas e as unidades dos resultados. | Utiliza estratexias sixelas na resolución dos problemas. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br><br>INSTRUMENTOS: Resolución de problemas e exercicios. | CMCT<br>CAA<br>CSIEE |

| **Bloque 4: Xeometría** | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| MT-B4.1 | 2º-MTB4.1.1 - Completa figuras partindo do seu eixe de simetría. | Identifica diferentes figuras e completaas no eixe de simetría. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS:Producións dos alumnos. | CMCT |
| MT-B4.2 | 2º-MTB4.2.1 - Coñece os diferentes tipos de polígonos en obxectos do entorno inmediato. | Identifica os diferentes tipos de polígonos no seu entorno. | | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS:Produccións dos alumnos. | CMCT<br>CAA |
| MT-B4.3 | 2º-MTB4.3.1 - Recoñece corpos con formas cúbicas e esféricas en obxectos do entorno inmediato. | Identifica formas cúbicas e esféricas en obxectos do entorno. | | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS: Producións dos alumnos. | CMCT<br>CAA |
| MT-B4.4 | 2º-MTB4.4.1 - Realiza e interpreta esbozos de itinerarios sinxelos. | Organízase no espazo. | X | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese. | CMCT<br>CAA |
| MT-B4.5 | 2º-MTB4.5.2 - Reflexiona sobre o procedemento aplicado á resolución de problemas: revisando as operacións empregadas, as unidades dos resultados, comprobando e interpretando as solucións no contexto. | Resolve problemas utilizando estratexias sinxelas. | | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de problemas. | CMCT<br>CAA<br>CSIEE |

**Bloque 5: Estatística e probabilidade**

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| MT-B5.1 | 2º-MTB5.1.1 - Rexistra e interpreta datos en representacións gráficas. | Interpreta gráficas sinxelas. | | X | X | PROCEDEMENTOS: Observación sistemática. Probas específicas.<br>INSTRUMENTOS: Traballo de aplicación e síntese. Resolución de exercicios e problemas. | CMCT<br>CAA |
| MT-B5.1 | 2º-MTB5.1.2 - Resolve problemas contextuais nos que interveñen a lectura de gráficos. | Interpreta gráficas sinxelas. | | X | X | PROCEDEMENTOS: Probas específicas. Análise das producións dos alumnos/as.<br>INSTRUMENTOS: Resolución de exercicios e problemas. | CMCT<br>CAA |

## 2.1.-CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN EPROMOCIÓN

Os criterios de cualificación serán fundamentais para valorar o grao de adquisición das competencias básicas, os obxectivos fixados e os estándares de aprendizaxe.

No primeiro trimestre, a principio do curso, realizouse unha avaliación inicial que serviu de referencia para o desenvolvemento do currículo.

Ao longo do curso realizaronse duas avaliacións, informando por escrito ao alumno e aos pais das cualificacións obtidas.

Para proceder á avaliación dos estándares de aprendizaxe da área establecemos uns procedementos e instrumentos de avaliación que veñen determinados no cadro anterior.

Os distintos estándares de aprendizaxe repartíronse en unidades didácticas en cada un dos trimestres. De cada unidade didáctica realizáronse probas específica escrita. Ao finalizar o trimestre tiveronse en conta as distintas probas escritas realizadas e , tendo en conta os seguintes criterios de cualificación:

| Procedementos de avaliación | Instrumentos de avaliación | % |
|---|---|---|
| Análise das producións dos alumnos | Caderno de clase | 20% |
| | Producións orais | 10% |
| | Traballos feitos polo alumnado | 20% |
| Probas específicas escritas | Resolución de exercicios e actividades | 50% |

Dadas as características deste 3º trimestre, de nova realidade polo coronavirus, este se avaliará seguindo e sumando os criterios dos dous trimestres anteriores para cualificar este terceiro e tendo presente o traballo desenvolvido neste período polo alumnado. Así pois:

Considérase que o alumno ten avaliación positiva:

Trimestral se a súa cualificacion é superior ao 5.

Final se acadou avaliación positiva nos dous primeiros trimestres ou se, a pesar de ter un trimestre con resultado negativo no terceiro trimestre fixo un esforzo positivo , en desenvolver as tarefas propostas.

Esta área xogará un papel vinculante na decisión da **promoción** do alumno ou alumna para o curso seguinte.

Ao final de curso emitirase unha **cualificación das competencias clave** tendo en conta a contribución de cada unha das áreas. Para efectuar esta cualificación elixíronse os estándares prioritarios que cada unha das áreas aportaban á cualificación de cada competencia. Os criterios de cualificación destas competencias (%) veñen especificados no apartado 3 da programación inicial do curso (septembro do 2019)

## 3.-METODOLOXÍA E ACTIVIDADES DO 3º TRIMESTRE

A área de Matemáticas pretende iniciar aos alumnos na capacida de enfrontarse con éxito a situacións nas que interveñan os números e as súas relacións, permitindo obter información efectiva, directamente ou a través da comparación, a estimación e o cálculo mental ou escrito.O ensino desta área será eminentemente experimental, os contidos de aprendizaxe deben tomar como referencia o que resulta familiar e próximo e deben abordarse en contextos de resolución de problemas e de contraste de puntos de vista. As matemáticas deben aprenderse en contextos funcionales relacionados coa vida diaria para adquirir progresivamente coñecementos máis complexos a partir das experiencias e os coñecementos previos.

A resolución de problemas debe ser un dos eixes principais da actividade matemática, á vez que fonte e soporte principal da aprendizaxe, debido á gran cantidade de capacidades básicas necesarias para a súa resolución e á importancia do seu desenvolvemento. Así pois, a resolución de problemas convértese no eixe vertebrador de todos os contidos do área, ao abordalos de forma relacionada e cíclica.

A integración das competencias e intelixencias múltiples no área supón insistir máis nas ferramentas esenciais da aprendizaxe (comprensión e expresión oral e escrita) e poñer en práctica estratexias didácticas que consideren as diferentes posibilidades de adquisición do alumno/a. Para que isto siga ser así neste trimestre:

- Proporanse actividades de repaso e de reforzo.(**libros, Caderniños, fichas..a través da Aula Virtual,**
- Proporanse distintas tarefas integradas nas unidade didáctica, xa traballadas.
- Proporanse ás familias indicacións para poder axudar no desenvolvemento das mesmas.

O uso das TIC é un elemento para favorecer a construción de aprendizaxes con sentido, xa que nos permite motivar ao alumno, contextualizar o contido obxecto de aprendizaxe, facilitar a relación da nova aprendizaxe con contextos reais, facilitar a transferencia, xeneralizar e ampliar o contido e facilitar a elaboración de síntese e a transferencia do coñecemento. Amosanse como elementos clave neste contexto , e fundamental o uso das mesmas (páxina web, Aula Virtual. Correo electrónico...)

A metodoloxía proposta promove a construción de aprendizaxes significativas a partir de secuencias de adquisición de coñecementos que suscitan:

- Evocación de coñecementos previos para abordar os novos contidos, no caso de que así sexa.
- Progresiva e coidada incorporación de novos contidos, a través de exemplos extraídos de situacións cotiás e contextualizadas para o alumno/a de segundo curso, que favorecen a súa comprensión. Isto posibilita a transferencia de aprendizaxes á vida cotiá, conectando coa adquisición das competencias propias da materia.
- Exercicios e actividades diversificadas que contemplan competencias e intelixencias múltiples: traballo individual e en grupo, de ser posible a través das redes, tarefas integradas, uso das TIC e actividades e experiencias que traballan contidos fundamentais. Están secuenciados por niveis de dificultade, abordan diversidad de estilos cognitivos e intelixencias e facilitan a adquisición de competencias ao alumnado.

**Material e medios:**

Libros, Caderniños, fichas.. que se lle achegarán ao alumnado a través da Aula Virtual, do Abalar Móbil, do correo electrónico, de vidoconferencias...e a través da mesma escola (articulando distintas medidas)

## 4.-INFORMACIÓN E PUBLICIDADE.

A información ao alumnado e ás familias será por medios telemáticos Pax.web, AulaVirtual, Abalar Móbil, Correo...) e se vai sendo posible, no mesmo centro.